

FORTALECER O SOBERANISMO E A ESQUERDA

**Documentos da 1ª Assembleia Nacional
do Movimento Galego ao Socialismo**



Edita: Movemento Galego ao Socialismo
Xuño de 2012

1ª Assembleia Nacional do MGS

DOCUMENTO POLÍTICO

1. Contexto: O capitalismo e a súa crise sistémica e estrutural.

O capitalismo, que liberou nos últimos séculos unha explosión das forzas produtivas por todo o planeta, é responsábel da morte, enfermidade e explotación extrema de millóns de seres humanos, da destrución até límites nunca acadados do planeta -incluídos recursos fundamentais para sustentar a vida-, da concentración das maiores riquezas do mundo nas elites máis reducidas, e da imposición das maiores desigualdades coñecidas entre humanos. En particular, desde a Segunda Guerra Mundial rexistrouse a maior transferencia histórica das rendas do traballo das clases populares aos capitalistas -en todas as nacións- e desde os países dependentes ata os países centrais, o que non obstante nin sequera permitiu garantir a estabilidade dun sistema incontrolábel por natureza.

Así, as xa dramáticas consecuencias desta orde social agrávanse no contexto dunha crise que non é simplemente económica, senón sistémica e estrutural, con consecuencias en todas as actividades e espazos, nomeadamente na esfera ambiental, alimentar, enerxética e política, con manifestacións diversas por todo o planeta.

O neoliberalismo triunfante desde os 80 como o adoptado en case todos os todos os países suramericanos, cos coñecidos programas de estabilización e de axuste estrutural deseñados polo Fondo Monetario Internacional volveu dominante o sector financeiro especulativo. Do mesmo xeito, actualmente en Europa estanse aplicando os mesmos programas de reformas económicas e políticas que caracterizan o modelo neoliberal: apertura completa das economías aos mercados e ao capital transnacional, recortes sociais, privatización de servizos públicos e, en xeral, o establecemento do clima máis propicio para o investimento do capital transnacional.

Coa escusa da crise financeira, os gobernos capitalistas atoparon unha oportunidade perfecta de reforzaren o dominio construído ao longo destas décadas. As oligarquías dominantes finxiron actuar por unha premura económica (manifestada no incremento das débedas, a insolvencia da banca ou limitación do crédito) que só tiña unha resposta posíbel e obxectiva para conducir a crise por decisións políticas que en moitos casos nin sequera tiveron en conta os mecanismos da democracia parlamentaria, e utilizando -como case sempre na historia- o desemprego como axente disciplinador.

Así, as e os líderes do capitalismo mundial prometeron en diversas reunións que procederían a "regular o capitalismo", rematar cos paraísos fiscais ou taxar as transaccións financeiras, entre outros recursos e aparatos económicos que elas e eles mesmos construíran e fomentaran desde décadas atrás. Mais despois de todas esas afirmacións ao que recorreron foi a incrementar as inxeccións de diñeiro nas meirandes empresas e bancos. Non só resultou incerto o compromiso da regulación, senón que a promesa da recuperación económica, que xustifica

todos os sacrificios imaxinábeis, é tamén unha miraxe. O maior recorte de dereitos en décadas contra a clase traballadora non ten como propósito real a saída da recesión, senón a aceleración e crecemento da transferencia de riqueza real das clases traballadoras, sen responsabilidades no nacemento e evolución da crise. Así, o chamado estado de benestar no centro capitalista está sendo liquidado polo capital, que nin pode nin precisa mantelo debido á manifesta debilidade de forzas da esquerda e a inexistencia dun polo socialista mundial que sirva de contrapeso.

Por outro lado, fóra do centro o imperialismo segue sendo consubstancial ao capitalismo en fase neoliberal, recorrendo á chantaxe e ameaza política, bloqueo comercial ou ataque militar a aquelas rexións ou países que non obedezan, co grao de intensidade preciso en cada caso. A guerra é o instrumento predilecto do sistema para apoderarse de recursos naturais -nomeadamente os enerxéticos- alleos ou para resolver as tensións inter-imperialistas. As agresións imperialistas de Iraq, Afganistán, Libia ou Siria son accións imprescindíbeis para abrir mercados, apropiarse de recursos e dobregar os impedimentos políticos presentes, o que nos mostra tamén a importancia e a capacidade de actuación dos Estados fronte á súa suposta vaporización contemporánea.

Fronte á falacia da fin da historia e a eternidade do capitalismo, a crise estrutural do Capital debe ser aproveitada pola humanidade para abrir unha xanela de oportunidades revolucionarias para construír un novo camiño para todo o planeta. No actual contexto a xestión sistémica continuísta ou levemente reformista enfrontarase a grandes dificultades, e a defensa ideolóxica do capitalismo padecerá no seu confronto coa realidade. Medra a resistencia contra a explotación, a opresión e a guerra, e existen condicións obxectivas para o desenvolvemento de iniciativas revolucionarias, que coexisten coas meirandes ameazas posíbeis. O único camiño para frear esta catástrofe é a revitalización internacional da esquerda anticapitalista consecuente que aposte por unha mudanza radical cara ao socialismo.

2. Análise da situación do país e do nacionalismo.

2.1. Superación da vía autonomista: fortalecer o soberanismo e a esquerda.

Despois de 30 anos de réxime autonómico posfranquista, seguimos inseridos nun marco xurídico-político antidemocrático e antipopular que provoca a incapacidade de control de Galiza sobre a súa economía, acentuando o impacto da integración na Unión Europea.

Galiza está inserida no capitalismo como periferia nun dos Estados xa periféricos dunha das zonas centrais, a UE. De feito, Galiza hoxe é máis capitalista que nunca, é dicir, o modo de produción capitalista ocupa máis poboación que nunca

na súa historia. Hoxe, a pesar dos cambios na estrutura produtiva que nos fan asemellarnos máis aos países do noso contorno, sufrimos o desmantelamento de sectores produtivos completos con alta potencialidade, especialmente no sector primario, mais tamén nunha industria declinante e incapaz de superar as tradicionais industrias de enclave e extractivas, onde os sectores competitivos como o naval tamén sofren o seu desmantelamento. O sector público industrial foi xa privatizado e nos servizos públicos esenciais como educación ou sanidade o seu tamaño áchase por debaixo da media de calquera estado europeo, tendo un sector servizos altamente precarizado para os traballadores e traballadoras.

Ademais, a inserción dependente e de fasquía colonial que sofre o noso país provoca o esmorecemento do seu peso económico e demográfico no Estado español. A relativa converxencia do PIB per cápita en Galiza respecto do Estado español e da UE debeuse fundamentalmente á perda de peso demográfico relativo no Estado: avellentamento e emigración, hoxe tamén altamente cualificada, seguen a caracterizar o noso país. Se no período 1985-2005 o Estado español pasou do 75% ao 91% da media tendo aumentado a súa poboación en máis de 5 millóns de persoas, en Galiza ese incremento só foi do 61% ao 75%, cando a poboación galega permaneceu estábel. A nosa capacidade produtiva seguía, a esa altura, sendo inferior á da media da UE, e a economía galega perdera máis de 10 puntos de peso relativo respecto do Estado.

Unha Galiza onde o capitalismo en fase neoliberal agranda as desigualdades sociais, xa que a pesar de existir máis traballadoras e traballadores asalariados estes teñen menor participación na riqueza nacional: na década do 2000 o número de persoas asalariadas aumentou nun 32%, mais produciuse un descenso do peso dos salarios no PIB de 1,3 puntos, mentres que aumentou a participación das rendas empresariais en 3 puntos. A iso, habería que engadir o incremento das desigualdades sociais entre a propia poboación asalariada, onde un 25% das persoas asalariadas cobran igual ou menos que o Salario Mínimo Interprofesional fronte a un 0,6% que perciben 10 veces o SMI e acaparan o 4% do total da masa salarial.

Hoxe, nesta última crise do capital que estamos vivindo, case 300.000 traballadores e traballadoras encóntranse no desemprego, a cifra máis alta rexistrada na historia, nun contexto do máis forte ataque aos dereitos sociais e laborais en décadas, onde asistimos á desmontaxe acelerada de todos os sistemas de protección social existentes, desde o sistema de pensións públicas até a protección por desemprego, pasando pola privatización da sanidade e o deterioramento e cortes da educación pública obrigatoria, postobrigatoria e universitaria.

O marco xurídico-político vixente é herdeiro directo tamén na cuestión nacional da derrota da Ruptura democrática e do pacto das e dos herdeiros do franquismo coas forzas de oposición claudicantes, nomeadamente o PCE e o PSOE, pacto

onde permaneceron inalteradas as elites políticas e económicas do franquismo e que se plasmou na Constitución Española de 1978. Así pois, e co rexeitamento do nacionalismo galego, negouse o dereito de autodeterminación para as nacións sen estado e estruturouse un Estado unitario con descentralización política, o “café para todos” das autonomías.

Dadas as evidentes eivas que este marco antidemocrático mostrou durante estas décadas, existiron tentativas durante os últimos anos de ultrapasar o actual marco autonómico e constitucional a través dos “Estatutos de nova xeración”: por un lado, existiu na Comunidade Autónoma Vasca o chamado “Plano Ibarretxe 1”, a proposta de “Estatuto político da Comunidade de Euskadi”, do que nin sequera se chegou a aceptar a súa tramitación parlamentaria no Congreso español, ou a segunda tentativa malograda, onde se pretendía convocar unha consulta popular pola autodeterminación. Paralelamente en Cataluña elaborouse tamén un novo Estatuto de Autonomía que contou con un amplo respaldo social e tamén político (mais do 80% do Parlament). Mais este Estatuto viuse duplamente rebaixado, antes e despois do seu referendo popular, de forma que o Estatuto promulgado é rexeitado polos seus mesmos promotores, provocando que este proceso marque un punto de ruptura coa vía neoautonomista e o “pacto con España” e reforzando a nova centralidade política alcanzada polo discurso soberanista.

Igualmente desde o nacionalismo galego tentouse elaborar unha proposta de “Estatuto de Nación” que sería rebaixada para tentar chegar a un consenso interno na nación que nunca se chegou a producir. Este intento, no caso galego, en vez de ter conseguido un aumento de consciencia nacional ou un debate profundo sobre a nosa alternativa no conxunto do pobo galego, ten provocado desorientación e contradicións na propia base social do nacionalismo, sen ter aumentado a recepción social das nosas propostas ou facer efecto en partidos e sectores sociais alleos ao nacionalismo.

As propostas tácticas baseadas en modificacións dos Estatutos de autonomía téñense mostrado pois como unha vía morta no Estado español para o avance cara á soberanía nacional, así como tamén a incapacidade de reforma do sistema: ese camiño non ten ningún futuro xa que permanecerá permanentemente atrancado por unha Constitución española irreformábel sen o concurso simultáneo dos dous grandes partidos sistémicos españois: a reforma é unha quimera irrealizábel que só produce frustración. Asistimos ademais a un permanente ataque centralizador onde non só o poder lexislativo e executivo se achan en mans do españolismo senón que colaboran nel todas as estruturas de poder e aparellos ideolóxicos do Estado, desde os grandes grupos de comunicación até o poder económico ou relixioso, o que provocará unha degradación continua das mínimas cotas de autonomía do actual marco político.

Neste escenario, a necesidade de apostarmos por unha saída independentista para a consecución e aseguramento da nosa soberanía e a popularización e normalización desta alternativa no conxunto do nacionalismo e a sociedade resulta urxente: non é só a opción máis coherente, coa que teñen rematado a maioría dos procesos de liberación nacional exitosos, senón que é a única realista e dispoñíbel nesta altura histórica, sen as probábeis interferencias e ansias colonialistas que traerían outras solucións. Esta conquista dun Estado galego independente e soberano só poderá vir desde a esquerda cun proceso de acumulación de forzas pola soberanía e é pois a única vía que permitirá a nosa liberación nacional e social. Esta acumulación de forzas soberanistas terá que se dar en todos os ámbitos da sociedade, desde a instancia política mais tamén necesariamente desde o ámbito asociativo, sindical e cultural, e será probabelmente lenta e non ten asegurado o seu éxito, mais non poderemos avanzar se non temos dirección clara e certa ou se nos cegamos nun camiño neoautonómico sen saída. As incapacidades e bloqueos que causan o actual marco, a súa insuficiencia estrutural para asegurar tanto o desenvolvemento económico autocentrado como a nosa capacidade de decisión en todos os ámbitos ou a súa incapacidade cada vez maior de producir condicións de vida dignas para a maioría do pobo galego deben ser usadas como pancas desde as que acelerar as contradicións. Este proceso acumulativo deberá xerar un escenario social revolucionario que é o único no que se poderá garantir a conformación un Estado galego independente ao servizo das maiorías sociais.

2.2. BNG: Fronte patriótica, referente político.

O Movemento Galego ao Socialismo acredita no Bloque Nacionalista Galego como único referente político en tanto que fronte patriótica que aglutina o nacionalismo de esquerda e defende o dereito de Galiza a decidir por si propia e os intereses das clases populares. A nosa participación no BNG vén marcada pola defensa dunha liña política claramente soberanista e inequivocamente de esquerda e incardinada cos movementos sociais.

O noso reto non é sinxelo, xa que temos que evitar a conversión do BNG nunha versión sistémica do galeguismo, unha perspectiva longamente arelada polos poderes dominantes, no momento no que capitalismo e españolismo contan cunha correlación de forzas máis favorábel nas últimas décadas. As nosas prioridades inmediatas pasan polo tránsito dun soberanismo discursivo e retórico, que contrasta cun autonomismo taticista, a un soberanismo que volva acumular forzas nun proceso de ruptura co marco xurídico-político imposto de forma ilegítima polos sucesores do franquismo. Para acadar este obxectivo teremos que apostar por un reforzamento e activación do noso corpo militante, mais tamén acadar complicidades noutros sectores militantes, mesmo aqueles que se poidan integrar na fronte no futuro.

2.2.1. O BNG nos últimos tempos. Chaves actuais da nosa participación.

De vagar, desde 2009, comezáronse a producir síntomas -en boa medida propiciados polo fracaso electoral tras a participación no goberno bipartito da Xunta de Galiza- de cambio de rumbo no BNG, que evidenciaron unha tímida inversión dese proceso de deriva antes mencionado. Este punto de inflexión experimentouse principalmente no discurso e, en menor medida, en retomar o contacto cos movementos sociais, establecendo un marco de relacións estábel coa Confederación Intersindical Galega.

A nosa presenza nos organismos do BNG despois de termos presentado candidatura propia ao Consello Nacional -Máis Alá- na Asemblea Nacional Extraordinaria de 10 de maio de 2009 e acadarmos representación no máximo organismo entre asembleas e na Executiva Nacional, utilizouse para avanzar na formulación dun BNG socialmente activo, onde o institucional e o electoral non absorbesen a súa capacidade de resposta como organización a un momento político marcado pola re-centralización, a ofensiva do capital e as agresións ao noso idioma. A nosa limitada capacidade de acción bateu cunha serie de eivas e comportamentos adquiridos no organizativo e no traballo institucional que seguían a perpetuar estruturas verticalistas que atentaban contra o modelo frontista e asemblear do Bloque e reproducían actuacións institucionais erráticas, principalmente no eido municipal.

Un exemplo claro desa contradición representouno a situación que se produciu tras a aprobación do regulamento de elección de candidaturas para as Eleccións Municipais de maio de 2011, que reincidía na concepción piramidal da organización e mesmo baleiraba de contido os organismos e as asembleas locais. Outro caso paradigmático atópase na persistencia dos acordos de goberno nas cidades co PSOE, que se asumiron acriticamente sen avaliar o que representa esa formación e o custo que nos ten. Estas actuacións, que se levaron adiante sen o apoio do MGS e sendo sustentadas en perfecta sintonía polas correntes que ostentaban a maioría nos organismos do BNG -Apu/UPG e +Galiza, nalgún caso tamén polo Encontro Irmandiño-, fixeron un dano á Fronte tanto a nivel interno como externo que vai requirir de moitos esforzos para ser reparado.

Nesta situación convulsa, o MGS fixo un esforzo de cara a ter meirande implicación no traballo político da Fronte Patriótica e, incidindo sobre eses síntomas, encamiñar o BNG cara ás coordenadas dun nacionalismo emancipador e da esquerda transformadora, reforzando o seu carácter plural, frontista e asemblear; tal e como acordamos no noso Iº Encontro Nacional celebrado en febreiro de 2010.

As dificultades dese avance nun BNG aínda tocado polos efectos dunha deriva ideolóxica e orgánica de dez anos atrás fixeron que a Fronte se resentise electo-

ralmente e mostrase escasa capacidade de resposta, aínda que mantivo un papel digno nos procesos electorais a nivel de mensaxe e actuación política. Temos que valorar como outro síntoma positivo o feito de que o sector hexemónico no BNG teña manifestado a súa vontade de efectuar un xiro á esquerda, se ben tiveron que recorrer a se desvincular por completo da responsabilidade sobre a deriva do BNG, que transferiron en exclusiva ao sector institucionalista creado en torno do anterior Portavoz Nacional. Trátase dun discurso aínda moi limitado -o que sempre ten un prezo na práctica- e exento da suficiente autocrítica, que non ten sempre unha traslación clara e congruente ás decisións reais.

Por outra banda, avaliamos como moi positivo que o BNG progresivamente foi tendo un meirande nivel de implicación en procesos mobilizadores e imprimiu unha axenda política propia; ben promovendo campañas e actos de protesta (mobilización contra a reforma da Constitución, contra a guerra en Libia, etc.) ou ben respaldando as convocatorias que veu facendo o sindicalismo nacionalista contra as agresións á clase traballadora galega, especialmente destacada nas últimas dúas folgas xerais que se convocaron en Galiza ou plataformas sociais como Queremos Galego, SOS Sanidade Pública ou a Plataforma en Defensa dos Servizos Públicos, entre outras.

Cunha actitude de permanente boicoteo dos acordos que se tomaban, as formacións con comportamentos máis reaccionarios da Fronte Patriótica estaban a acumular forzas e actuando de maneira oportunista en función dos resultados electorais para facer retroceder o BNG de novo cara a posicións liquidacionistas, de maneira que se fixese xa irreversible concluíndo ese proceso de homologación e convertendo o Bloque nunha organización sistémica, reducida á mercadotecnia electoral.

Esa foi a contradición que se pretendeu levar ao extremo na XIII Asemblea Nacional do BNG celebrada en xaneiro de 2012 en Amio, representando un episodio, por tanto, de especial transcendencia nese lento e tortuoso camiño de clarificación ideolóxica que se emprendera en 2009. Na liña de traballo que se viña implementando no noso traballo cotián no Bloque, desde o MGS actuouse neste proceso asemblear xerando debate e presentando alternativas, por medio dun voto particular e emendas ao documento base e cunha candidatura propia ao Consello Nacional do BNG. Nunha asemblea marcada pola presión mediática e pola dinámica bipartidista que se pretendía imprimir, máis unha vez, polas correntes maioritarias para invisibilizarnos fomos quen de vencer ese marco adverso e fixar nas teses resultantes da Asemblea Nacional, ben pola aprobación ou ben pola transacción de emendas que nós propuxemos, cuestións que van no camiño de afianzar o BNG nun camiño: o da esquerda transformadora e o da soberanía nacional, cunha ferramenta política frontista na que a militancia de base ten espazo para participar e decidir.

Entre outras propostas aprobadas salientamos a análises dos pactos electorais co PSOE, a priorización das organización soberanistas e de esquerdas nas relacións internacionais –co lastre de non ter carpetazo explícito ao modelo Galeuscat- e o recoñecemento da territorialidade plena de Galiza e o compromiso a organizar o BNG nas comarcas situadas fóra da Comunidade Autónoma Galega, entre outras. Así, o BNG definiu unha orientación soberanista, antineoliberal, oposta á Unión Europea e á ditadura do capital, situándose como unha alternativa non homolóxica nin asimilábel polo sistema, cun campo de loita definido polo dereito a decidir de Galiza como nación e na defensa dos intereses da clase traballadora.

Por outra banda, a eliminación do sistema de delegación para a celebración das asembleas nacionais, a composición proporcional da Executiva Nacional e a recuperación do contido político das asembleas locais e comarcais permiten afianzar un BNG no que os grupos de presión xa non teñen capacidade para actuar por riba da base militante.

O reforzamento organizativo e a iniciativa con campañas políticas propias alén dos procesos electorais, o debate e a actuación política máis aló do eido institucional e a posta en marcha de medidas de acción social na procura de espazos de socialización propios do nacionalismo abren unha expectativa dun BNG que recupere a acción social, a implicación nas loitas e mobilizacións sociais e sectoriais e que actúe a pé de rúa na defensa dos sectores sociais oprimidos polo sistema capitalista.

2.2.2. O escenario após a XIII Asemblea Nacional do BNG.

O resultado da Asemblea de Amio orixinou un proceso de abandonos colectivos do BNG por parte daqueles sectores que reivindicaron as manifestacións da deriva mais que non respectaron as regras do xogo nin deron debate ningún na Asemblea Nacional, centrando a súa actuación unicamente na loita polos postos de dirección. Estes abandonos non foron inocentes, senón que calculadamente están sendo estendidos no tempo para deteriorar a imaxe do BNG, xustificándose por non concordaren cos textos da Asemblea Nacional e denunciando unha falsa exclusión por parte da maioría que apoiou as teses.

Nun escenario de confusión, os sectores que abandonaron a Fronte pretenden enmascarar dese xeito o que representan politicamente, o cal está marcado pola súa actuación a nivel interno e no eido institucional. O cuestionamento da relación coa central sindical nacionalista, o acomodamento ideolóxico e a homologación ás forzas sistémicas, defendendo un BNG subsidiario do PSOE e reducido a unha maquinaria electoral que non respondía aos intereses das súas bases e unha concepción elitista e piramidal do papel que cumpren os cargos institucionais e orgánicos poden resumir o sumatorio de intereses que representan eses colectivos.

Por outra banda, as elucubracións sobre posíbeis alianzas que se poidan establecer entre estes sectores e outros grupos de difícil encaixe entre si, son tamén significativas do que se pretende construír, tanto no referente aos intereses que agocha como na súa conformación sobre a base de lealdades persoais e co único obxectivo de manter cotas de poder e lastrar electoralmente o nacionalismo popular.

Enmarcamos estes abandonos nun proceso de homologación sistémica ao longo de anos que se viña producindo antes no interior do BNG e que agora segue máis con outras características diferentes ao contar agora cun escenario onde esas forzas competirán, desde fóra, para disputar o espazo conseguido ao longo dos últimos 30 anos polo BNG para baleiralo de contido. Deste xeito, o feito de que deixen de ter presenza orgánica e contén cun menor peso político e representatividade dentro do BNG as correntes que pretendían retornar e acelerar a situación anterior á Asemblea Nacional Extraordinaria de 2009 débese avaliar positivamente, malia que a forma en que se estea a dar, obxectivamente, faga dano á Fronte. Podemos afirmar que este proceso interno saldouse co reafirmamento orgánico da visión de todos aqueles e aquelas que defenden que o nacionalismo galego é un movemento político de liberación nacional situado na esquerda, e orgullámonos de que sexa aí onde maioritariamente se situou a militancia do BNG.

Xa que logo, para o MGS, o escenario que deseña a XIII Asemblea Nacional do BNG representa unha estrutura favorábel de oportunidades que nos proporciona campo de traballo na Fronte desde as nosas coordenadas ideolóxicas. Conseguída a fixación de propostas de actuación concretas nas teses e incrementada a nosa capacidade de actuar na Fronte, cómpre darnos concreción ás liñas de actuación acordadas e velarmos polo seu cumprimento, conferindo credibilidade interna e externa á viraxe de liña política que experimentou o Bloque nos últimos tempos. Aí o papel da militancia será fundamental.

2.2.3. Conclusións e liñas de traballo no BNG.

Somos perfectamente conscientes de que só na medida en que nos impliquemos ao servizo do BNG para aumentar a súa presenza social, responder aos ataques ao país, á nosa identidade nacional e pasar á ofensiva pola soberanía conseguiremos ir avanzando na consecución dos nosos obxectivos fundacionais. Para isto vai ser fundamental procurarmos a implicación e a activación de toda a base social do nacionalismo, e ao tempo propiciarmos a incorporación á Fronte de sectores que proceden do activismo social e dunha práctica en sintonía cos nosos principios.

Actualmente temos unha crecente presenza nos organismos do BNG, tanto a nivel nacional como a nivel local e comarcal, que se debe corresponder coa nosa

presenza nas asembleas coa idea de convertelas no verdadeiro espazo de decisión e participación de toda a militancia. O papel das asembleas, como sistematicamente temos analizado, é fundamental na liña de consolidar os avances e poñer en práctica os acordos da Asemblea Nacional de Amio. Existen dinámicas viciadas que lastran este camiño como a excesiva dependencia dos consellos locais e comarcais, unha mal entendida autonomía dos grupos municipais, o abuso do contacto social a través dos medios de comunicación fronte ao contacto directo, ter convertido os actos públicos en boa medida en actos de propaganda unicamente, a dependencia dos calendarios electorais ou o papel simplemente ratificador de decisións, que levaron a que moita militancia do BNG non vexa atractiva a participación nas reunións e xogue un papel pasivo.

Compre tamén desactivar a tensión irresponsabelmente criada polas correntes maioritarias que empregaron as asembleas como campos de batalla para dirimir o control orgánico e institucional o que fixo que nalgúns sectores se chegase a identificar isto cun problema derivado do frontismo. Desde o MGS sempre defendemos a vixencia do modelo frontista como a mellor maneira de conxugar a pluralidade ideolóxica e a unidade, combinado co asemblearismo como sistema de participación interna nunha organización, que como o BNG, é de afiliación individual.

É necesario pois, contribuírmos a encher de contido as asembleas do BNG para que esa militancia que participaba do descontento, e que nalgún caso se foi apartando, sexa axente activo nesta nova etapa onde os reptos están fixados en recuperar o pulso e o músculo social do BNG. O MGS porá toda a súa esforzo militante ao servizo do BNG neste momento para consolidar os avances conseguidos desde 2009 e reflectidos con maior claridade nas teses aprobadas na última Asemblea Nacional. É preciso non sermos unicamente unha consciencia crítica en procesos internos, algo que foi necesario até o de agora, senón que debemos incrementar urxentemente o noso papel activo e solidario no traballo social do BNG, para acelerar as mudanzas e afastar as tentacións de retrocesos ou o mantemento das graves inercias pasadas.

Por outra banda, incidiremos no necesario papel que teñen que xogar os organismos nacionais: a Executiva e o Consello Nacional, coas súas correspondentes Comisións sectoriais, deben reforzar a coordinación e cohesión da organización a nivel nacional, para evitar dinámicas localistas ou que xiren arredor dun liderado persoal ou institucional que acaban por actuar de maneira que debilitan a percepción do BNG como unha alternativa nacional, na medida en que non asumen ou contradín a liña política da organización. Os organismos nacionais teñen que ter unha preocupación constante pola organización e a presenza territorial ligada ao traballo social, de maneira que se visualice un BNG vivo e actuante. Neste sentido, as Comisións Nacionais son tamén unha ferramenta que

debe transcender un simple tratamento técnico ou de planificación de iniciativas nas institucións, senón que teñen que servir para planificar traballo político como BNG, deseñar campañas sociais e actuacións formativas. Así mesmo, traballaremos para encher de contido todas as estruturas do BNG e para consolidar todos os espazos de participación, tanto internos como de contacto directo coa sociedade.

Igualmente temos de ser conscientes que os vindeiros procesos electorais, nomeadamente as vindeiras eleccións autonómicas e municipais, terán un papel politicamente moi determinante para o futuro, alén do estrito resultado. Como se ten analizado, a situación de emerxencia nacional en que ten sumido ao país o goberno de Núñez Feijoo, subsidiario dos mandatos ultraliberais dos gobernos do Estado Español e da Unión Europea, exige unha resposta galega e popular que leve a crecente mobilización social ás nosas débiles institucións nacionais. Alén disto, nesta ocasión vai ser central traballarmos para buscar os mellores resultados para o BNG pola intención de rebaixar o peso institucional do nacionalismo popular e polo uso instrumental que das saídas do BNG vai facer o poder a través dos seus medios de comunicación aumentando a confusión e tentando substituír o BNG como expresión do nacionalismo, tras non ser quen de destruílo como alternativa transformadora, por esta nova versión moderada e inofensiva que están a construír para traballar unicamente desde as institucións, lugar onde quixeron recluír o BNG.

Finalmente e como segunda liña de traballo, complementar con todo o anterior, o MGS contribuirá a consolidar internamente, alén das nosas siglas, un espazo político que aglutine o soberanismo e o independentismo desde a esquerda combativa no seo do BNG, e desde a lealdade a este, defendéndoo como a mellor ferramenta para conseguirmos a soberanía nacional e a xustiza social mais para evitar retrocesos e acelerar as mudanzas dos últimos anos. O MGS naceu precisamente nun contexto onde moita militancia do BNG detectábamos que a excesiva priorización do campo institucional non estaba exenta de renuncias e concesións que provocaron un choque con parte importante do tecido e da base social máis conscientes. É pois o aumento de peso destas posicións políticas no que debemos apostar e a vía pola que conseguiremos reforzar as mudanzas actuais nesa liña e afondar nelas.

Como parte consubstancial ao anterior temos que traballar para sermos unha ponte que consiga que compañeiros e compañeiras que, desde posicións nacionalistas e independentistas non fan parte do BNG -que participan no sindicalismo nacionalista, no movemento estudantil e xuvenil e a activistas que defenden socialmente os mesmos criterios políticos de auto-organización, defensa da soberanía nacional e que manteñen posición de esquerda real- se unan ao BNG e que dean forza a esta aposta política: fortalecer o soberanismo e a esquerda.

3. Construindo a nosa alternativa na sociedade.

3.1. A loita ideolóxica: alternativas de construción nacional e debate social sobre alternativas ao capitalismo.

Unha das razóns da debilidade das alternativas contrahexemónicas nun contexto social onde as condicións de vida e os intereses obxectivos da maioría do pobo galego se ven cada día máis deteriorados é o forte dominio ideolóxico que o capitalismo exerce sobre o conxunto da sociedade mediante as ferramentas de control coas que conta o sistema, especialmente os medios de comunicación que fan hoxe parte de grandes corporacións transnacionais. Podemos dicir que o dominio ideolóxico sobre as sociedades ten conseguido varios dos seus obxectivos: debilitar a consciencia de clase por un lado, agravando o aumento da fragmentación obxectiva que ten sufrido a clase traballadora e a precarización de amplas capas desta, e polo outro presentar as alternativas á orde social do capital como caducas ou utópicas. O capitalismo quere presentarse baixo a forma de sentido común non ideolóxico e proclama a inevitabilidade da orde sistémica, o famoso “TINA” (“There is no alternative”, non hai alternativa) popularizado polo goberno thatcheriano dos anos oitenta en Gran Bretaña.

A loita ideolóxica contra as mentiras do capital débese estender á falacia da sintonía indisolúbel de democracia política e capitalismo económico, presentando calquera alternativa á realidade antidemocrática da ditadura do capital realmente existente como unha perversión inaceptábel. A actual situación de crise capitalista debe servir para mostrar claramente por parte das organizacións revolucionarias como na realidade o sistema capitalista é un sistema inherentemente incapaz de garantir unha vida digna para as poboacións mundiais e como tras a fachada democrática e parlamentar se agocha a ditadura do “comité que administra os negocios comúns da burguesía”, en palabras de Marx.

Debemos pois popularizar tanto o carácter non democrático da sociedade capitalista e a súa incapacidade sistémica de ordenar a sociedade co obxectivo do ben común, como presentar unha alternativa clara baixo o nome de socialismo: a nacionalización dos medios de produción, a planificación económica e unha democracia verdadeira onde se asegure a plena participación, debate e decisión sobre todos os ámbitos da vida social por parte do pobo.

Na nosa nación, esta alternativa anticapitalista ten unha ligazón estreita coa loita pola soberanía política. Hoxe, o marco máis plausíbel para ese necesario proceso de saída do sistema capitalista segue a ser o marco nacional, e nunha nación oprimida como a Galiza este proceso resulta estar dialecticamente ligado ao proceso de liberación nacional: só desde a centralidade da clase traballadora galega, en alianza co resto de clases populares, pode darse ese proceso, xa que é esta a máis interesada e ten a potencia suficiente para liderar tal proceso:

desde o nacemento da loita polos dereitos políticos da nosa nación esta estivo asociada ás reivindicacións democráticas avanzadas de cada época e adaptada ás características propias da nosa sociedade, e hoxe só un proceso independentista e a construción dun Estado propio pode garantir a viabilidade das nosas reclamacións.

3.2. O sindicalismo nacionalista e a resposta galega á crise.

Se ben a resistencia contra a explotación adopta diversas formas, debemos analizar a importancia específica da loita sindical. Temos en conta en particular a experiencia acumulada na Confederación Intersindical Galega: a maior organización de masas do noso país, e a forza que máis cohesiona e mobiliza a clase traballadora galega, en torno dos seus intereses específicos e en defensa da soberanía e o socialismo.

Na actual situación de crise política, económica e social, o sindicalismo nacionalista está á fronte da contestación social a este sistema, do capitalismo neoliberal, que está a producir en Galiza uns enormes índices de desemprego, precariedade laboral e deterioramento dos servizos públicos. O sometemento dos gobernos da Xunta de Galiza e o Estado español ás políticas neoliberais emanadas da Unión Europea lévanos, á maioría social, a ser os pagadores e pagadoras dos desmáns do capitalismo.

Neste contexto, hai que encadrar a última reforma laboral, un auténtico golpe de estado contra a clase traballadora, que o único que pretende é o sometemento, total e absoluto, da clase traballadora aos intereses da patronal. Sabemos que é unha falacia utilizar a necesidade de reformas laborais para a creación de emprego. O emprego créase cando hai crecemento económico, asentado basicamente no sector industrial e de servizos. Sabemos que antes da reforma laboral, en épocas de crecemento económico, téñense creado milleiros de postos de traballo, o que acredita que non é a anterior lexislación laboral a responsábel dos índices de paro que existen no noso país.

Temos que ser conscientes de que esta reforma laboral vai vir acompañada doutras reformas, que tentan debilitar a contestación da clase traballadora, procurando criminalizar, social e xudicialmente, toda contestación que se poida dar ao actual sistema.

A isto temos que unir as campañas que se están a realizar de maneira xenérica contra o sindicalismo, que o único que pretenden é debilitar as organizacións que teñen capacidade de enfrontaren as actuais políticas imperantes. Non pensem que estas campañas están argalladas contra o sindicalismo español; temos que ser conscientes que, aínda sendo isto certo, o sindicalismo que representa a CIG ten un plus de resistencia sobre as outras organizacións sindicais, por estar forxada na loita e a confrontación, estas campañas hai que combatelas centro de

traballo por centro de traballo, facéndolle ver á clase traballadora que isto forma parte do paquete de medidas que o capitalismo neoliberal está a tomar para negarnos o noso futuro como clase.

Ante esta situación, o noso traballo na CIG ten que seguir a ser de total e absoluta lealdade ao proxecto sindical que fomos capaces de construír entre todos e todas, consolidando a CIG como unha das forzas imprescindíbeis para o cambio social e a liberación nacional de Galiza.

É en base a isto, a nosa decisión estratéxica de apostar pola Maioría Sindical, que ten sido a que nos últimos tempos traballou arreo para consolidar a CIG, como alternativa sindical diferenciada do sindicalismo español e comprometida coa liberación nacional e social de Galiza. E así, debemos fuxir de calquera tipo de sectarismo e estarmos abertos á participación, na Maioría Sindical, de todas e todos aqueles que se sintan identificados coa liña sindical dos últimos tempos.

Na actual conxuntura política, é máis necesario que nunca xeneralizar o debate político no seo da central sindical, para demostrar a inviabilidade do actual sistema político negador dos nosos dereitos como clase e dos dereitos nacionais de Galiza. Neste sentido, é fundamental impulsar, tamén desde o sindicalismo, un debate de fondo sobre o modelo de Estado e o modelo económico, popularizando propostas como a consecución dun Estado propio, unha profunda reforma fiscal, a nacionalización da enerxía e as finanzas, e políticas que garantan o incremento dos salarios reais e a estabilidade no emprego.

No futuro máis inmediato, debemos impulsar a organización do conxunto da clase traballadora desempregada, creando mecanismos para a súa participación na vida da central sindical. Temos que ser conscientes de que o capitalismo pretende illalos socialmente, e para iso na actualidade non dubida en promover o enfrontamento entre clase traballadora ocupada e desempregada, facendo entrever que os “privilexios” duns son provocadores dos “males” doutros.

As mulleres son un dos colectivos máis sensíbeis á ofensiva política de retallamentos de dereitos sociais e laborais. As políticas neoliberais e patriarcais postas en marcha polos gobernos do PP e PSOE, reformas laborais, desmantelamento e privatización de servizos públicos (escolas infantís, ensino, sanidade), levan a muller traballadora a voltar a unha posición social secundaria e de dependencia, relegándonos fundamentalmente a unha simple función reprodutiva e de coidado. Políticas como a Lei de Familia demostran que non son só danos colaterais destas políticas regresivas senón que a intención de volver ao papel que a muller tiña na época da ditadura é un dos eixos ideolóxicos da dereita do PP. Hoxe máis que nunca temos que ter en conta todos estes factores, concienciar a clase traballadora e combatelos enerxicamente e con contundencia dunha forma transversal en todas as iniciativas que emanen da nosa acción sindical.

Ante esta mensaxe necesitamos crear marcos de debate no seo da central sindical para combater estas posicións que poden calar nalgún sector da clase traballadora, especialmente na mocidade, por ser o colectivo que menos coñecemento directo ten da realidade das empresas e da vida sindical, e que tamén é o máis castigado co desemprego. A militancia do MGS temos que seguir defendendo o movemento sindical da violenta ofensiva do capital, contribuíndo ao mantemento da identidade unitaria, de clase, soberanista e anticapitalista da CIG, colaborando na ampliación da afiliación do sindicato e reforzando a súa dinámica de mobilización, á vez que nos preparamos para soste batallas de longo alcance que fagan fronte á involución laboral e social que estamos a padecer, previsiblemente reforzada nos próximos anos, dada a actual correlación de forzas. Neste contexto, é moi importante que introduzamos o debate sobre a necesidade de avanzar en propostas ofensivas, de construción nacional e de converxencia e acumulación de forzas en tornos a obxectivos políticos futuros e inmediatos, en defensa de medidas favorábeis aos intereses da nosa clase.

Se ben a valoración da traxectoria recente da actividade da central sindical é positiva, iso non debe evitar que fagamos autocrítica e chamemos a atención sobre os riscos e problemas que detectamos. Desde a nosa actuación na CIG contribuiremos a mellorar os mecanismos de mobilización para que non se convertan en rotineiros, mantendo a preocupación constante de que as mobilizacións, debates e as asembleas cheguen até o ámbito das empresas. Nesta tarefa destaca o papel dos delegados e delegadas ampliando a consulta das decisións transcendentais o mais posíbel en cada caso. A Maioría Sindical debe ser un marco permanente e estábel, con normas recoñecidas, que axude a evitar que as dinámicas de estruturas federativas ou comarcais, ou mesmo persoais, primen por enriba dos criterios nacionais. A CIG non debe permitir que cadaquén faga o que queira no seu ámbito e débese evitar e combater o conformismo de quen pensa que se pode atrincheirar na dinámica dunha estrutura. Así mesmo, cómpre abordar á maior brevidade posíbel a necesidade dun relevo xeracional ordenado que permita manter a tensión do proxecto político-sindical que hoxe representa a CIG. Finalmente a politización e afiliación política da base sindical debe seguir a ser unha preocupación permanente tanto para mellorar a coherencia da actividade sindical como para consolidar e reforzar as mudanzas no BNG.

É necesario impulsar un marco de participación, en pé de igualdade, do conxunto das organizacións políticas e sociais nacionalistas, co fin de compartir as reflexións e alternativas de parte, para tentar dar respostas de conxunto fronte ao inimigo. Así, a unidade do nacionalismo, neste momento histórico, é unha baza fundamental se queremos enfrontar con garantías este capitalismo salvaxe e as políticas dos actuais gobernos de Galiza e o Estado, que son auténticos capataces do capitalismo neoliberal.

3.3. Impulsar o movemento popular galego.

Ao igual que o dominio do capital é exercido en todos os ámbitos da vida social e afecta todas as esferas, da mesma maneira unha resposta anticapitalista e socialista debe responder en todas elas. É preciso pois actuar nos movementos asociativos, veciñais, de mocidade, no movemento ambientalista, feminista..., fortalecéndoos, e de forma que sexamos capaces de cohesionar a sociedade desde una perspectiva de enfrontamento co sistema capitalista, mostrando como moitos dos problemas existentes non teñen solución no seu interior: desde o problema dos límites da capacidade ecolóxica do planeta até a desintegración dos lazos sociais comunitarios.

Por outro lado, boa parte do discurso social e político da esquerda recae, desde hai dúas décadas, sobre o que se vén denominando “identidades emerxentes”, en alusión a determinados trazos a partir dos cales as persoas construímos o noso ser no mundo. É o caso da idade, a orixe étnica ou a orientación sexual, por citar algúns dos que atinxiron maior visibilidade na sociedade actual.

É innegábel que tales trazos distribúen as persoas que os portan en posicións sociais, económicas, laborais e mesmo existenciais diferentes –e, en moitos casos, desiguais ou discriminatorias– e constitúense en formas de opresión específicas no capitalismo das que pode tirar beneficio. Porén, non é menos certo que moitas delas, considerados na súa esencia, non necesariamente presentan unha natureza conflitiva coa pervivencia do dominio do capital, sendo este capaz de subsumir as loitas que desenvolvemos contra estas distintas opresións e eliminalas ou atenualas sen afectaren á permanencia do seu sistema.

Outra cousa é o conflito entre capital e traballo. É obvio que a loita de clases explica a dinámica da historia e a abolición das clases é o obxectivo último do proceso revolucionario. O conflito entre capital e traballo, consubstancial ao modo de produción capitalista, sitúa a clase traballadora e as súas loitas no centro da transformación social, non para acadar un compromiso que leve a un imposible capitalismo de rostro humano, senón para superar a crise estrutural do sistema e construír unha nova alternativa hexemónica.

De forma reiterada –e a miúdo banal– tense dito que a emerxencia destas “novas” identidades deixan baleira de contido a “vella” identidade de clase traballadora, que xa non se considera válida para aglutinar intereses. Curiosamente, esas novas identidades non parecen xurdir no seo do capital con semellante forza fracturante, mais si que son utilizadas perversamente por este para provocar fracturas no interior das clases populares: o capital móstrase cada vez máis macizo, entanto procura que as novas identidades que coexisten no interior da clase traballadora se enfronten entre si (e disto é paradigmático o falso conflito entre persoas empregadas e desempregadas). En momentos como a presente crise, a

fragmentación da clase traballadora e a ruptura dos seus vínculos de solidariedade convértese nunha aposta segura do capital. Así, todas as rebeldías teñen o seu papel dentro da alianza contra o capital, mais non son equivalentes. O suxeito colectivo que se enfronta contra a dominación de clase, a contradición entre a clase traballadora e o capital, ten unha condición diferente, porque esta explotación ten o maior grao de perigosidade e antagonismo, até o punto de que esta orde social non pode abolila sen deixar de existir. A loita de clases debe ser o principal motor da emancipación. Por medio dela non só se avanza na liberación da propia clase, senón que se dinamizan outras loitas de emancipación.

Ademais, recuperar a conciencia da clase traballadora como suxeito colectivo e o fortalecemento das súas loitas pola xustiza social é a mellor garantía de igualdade de trato e de oportunidades para as identidades emerxentes que conviven no seu seo.

No caso da loita pola emancipación das mulleres traballaremos na acción feminista como un dos eixos básicos da transformación social, trasladando á sociedade a nosa práctica diaria de impulso e defensa da participación das mulleres en todas as loitas políticas e sociais.

Así pois, o MGS impulsará, apoiará e porá os seus esforzos en aumentar o tecido social galego nos distintos eidos: cultura, defensa do territorio, locais sociais... así como na implicación nas distintas loitas puntuais que se produzan no país: a autoorganización do pobo galego é unha vía imprescindible no camiño dunha sociedade consciente, combativa e dona do seu destino. Tamén o proxecto socialista e independentista debe enriquecerse cos coñecementos e experiencias do movemento social.

A nosa participación darase cunha visión que defenda a confluencia de loitas e a acumulación de forzas sociais na perspectiva de superación do sistema, e sempre desde o total respecto á autonomía destes movementos sociais e o seu ámbito de actuación.

Sen desatender os eidos de participación nos que xa esteamos presentes, cómpre poñer o noso foco de atención no desenvolvemento dunha estratexia nacional de acción social que enfatice aqueles aspectos clave na construción nacional.

Deste xeito, a partir das experiencias xa postas en marcha por parte da nosa militancia nalgunhas localidades, valórase como un elemento crucial o pulo ou o reforzamento de eidos de activismo lingüístico e cultural que teñan unha perspectiva autocentrada, que xeren conciencia nacional e normalicen a relación coa lusofonía. Tentarase dar coherencia ás distintas iniciativas locais establecendo algún tipo de coordinación. En función das posibilidades, promoveranse espazos culturais abertos que sirvan de punto de encontro, facilitando o contacto social directo e contribuíndo a tecer comunidade nacional.

A nosa aposta é congruente co percorrido histórico do nacionalismo galego, tradicionalmente moi ligado aos diferentes movementos sociais, e interesado en incentivar o protagonismo dunha base social ampla. Como consecuencia, o nacionalismo converteuse na forza política coa base social máis activa, permanentemente implicada en dinámicas locais, comarcais e nacionais de moi diferente natureza. Inevitadamente, a deriva política rematou por afectar, con intensidades diversas, ao conxunto do movemento social, o que produciu non só un debilitamento deste, senón un distanciamento a respecto das instancias políticas. A resposta pasa pola articulación dun movemento social capaz de afrontar a vez o capitalismo e a dependencia nacional, á vez que restauramos unha acción política coherente, combativa e asentada na esquerda e o soberanismo.

1ª Assembleia Nacional do MGS

DOCUMENTO ORGANIZATIVO

1. Introducción.

Na xénese do que hoxe é o Movemento Galego ao Socialismo, entre os anos 2005 e 2006, tiñamos claro que era necesario crearmos unha organización que se fixese forte na defensa dos principios políticos históricos do nacionalismo popular, avanzando na aposta estratéxica pola soberanía nacional e o socialismo desde o activismo e a participación. A nivel organizativo tivemos que ir adaptando as nosas estruturas a eses ambiciosos obxectivos e ás exixencias da nosa participación nas organizacións de masas e nos movementos sociais.

Actualmente asumimos labores de dirección no BNG e na CIG, o que nos requiriu un maior compromiso organizativo e unha capacidade de resposta para a que aínda temos un camiño importante por andar, tal e como xa analizabamos no noso I Encontro Nacional. Nun curto espazo de tempo tivemos que compaxinar a necesaria dedicación á construción da ferramenta coa urxente resposta a acontecementos e a esa cada vez maior dose de responsabilidade asumida.

Aínda así, e coas eivas propias destas particulares circunstancias do noso nacemento e desenvolvemento, non exenta de dificultades e conflitos, fomos quen de estar satisfactoriamente á altura, fundamentalmente nos momentos máis importantes, e de contar actualmente cun importante medre militante e territorial. Porén, e en honor á verdade, non foi sempre por un funcionamento exemplar e correcto das nosas asembleas e organismos e si con importantes doses de voluntarismo e dedicación militante dun número reducido de compañeiros e compañeiras, algo que se converte nunha das principais deficiencias a corrixir na nova etapa.

A ninguén se lle escapa que o nacionalismo galego se atopa nun contexto extremadamente complexo. Por unha banda, vivimos con optimismo as mudanzas na liña política no BNG apostando novamente polo soberanismo, a esquerda e pola recuperación da acción social como principal liña de traballo. Mais como reacción a estas mudanzas, xerouse un momento confuso e complicado pola operación de desmantelamento, perfectamente instigada, que pretende precisamente a eliminación definitiva deses sinais de identidade e a anulación do BNG. Neste sentido, hoxe máis que nunca, desde o MGS analizamos a importancia de acelerar a consolidación dun referente político que, con lealdade ao BNG, aglutine o soberanismo e o independentismo desde a esquerda real para consolidar as mudanzas e para defender o BNG como mellor ferramenta para a soberanía nacional desde a esquerda.

Até o de agora tiñamos aprazada a legalización do MGS como partido político e a solicitude de constituírmonos como colectivo interno dentro do BNG. Esta medida non fora tomada anteriormente ao valorar que non chegara o momento en que puidésemos falar dunha realidade consolidada e actuante de forma conti-

nuada. Como consecuencia lóxica da consolidación actual, e como plasmación de vontade de continuarmos co noso desenvolvemento organizativo, nestes momentos entendemos que xa se dan esas condicións e chegou o momento de nos formalizar como partido político, tamén solicitar o recoñecemento interno no BNG. Contribuímos así ao fortalecemento da pluralidade ideolóxica e á recuperación na práctica do modelo frontista, que fora esvaíndose e deturpándose.

2. O MGS como organización de activistas.

Como se explicou xa, a nosa é unha organización política que, alén doutras circunstancias, nace como aglutinante fronte ao postergamento por parte do nacionalismo galego maioritario dos seus sinais de identidade históricos. Un deles é a participación e a militancia entendida como activismo político que vai moito máis alá da simple afiliación a unha opción política. A militancia e participación activa foron sistematicamente abandonadas nun proceso ao que nin as organizacións revolucionarias fomos alleas. Sen ese paso previo non sería entendíbel o resto de renuncias que progresivamente se nos foron impoñendo. Neste sentido o MGS apostou desde a súa fundación por unha organización de activistas que asumen voluntariamente a súa militancia. A nosa responsabilidade individual e compromiso é o que constrúe, colectivamente, o MGS.

Neste sentido é no que temos que entender unha preocupación de cada militante a asistencia ás reunións, a xustificación das ausencias no seu caso, a asunción de responsabilidades de traballo e de dirección, e o cumprimento con estas responsabilidades sinalando claramente as propias limitacións, entendendo a achega económica como un compromiso máis e non como unha carga, que entre outras moitas actitudes constitúen un mínimo exixíbel individualmente a cada un e cada unha de nós.

Este papel activo debe trasladarse tamén á nosa actuación individual nas organizacións nas que participamos, nomeadamente no BNG e na CIG, así como que cada militante do MGS deberá ter a preocupación constante por fortalecer, fomentar e impulsar todo tipo de tecido asociativo e movementos sociais no seu entorno laboral, social, veciñal, etc.

Xoga un papel importante en todo este proceso a formación e a autoformación da nosa militancia. O fluxo de debates, información e documentación é básico para conseguirmos este obxectivo. Unha militancia formada non permite abusos das direccións ou renuncias ideolóxicas.

2.1. O traballo na base territorial: a organización nas zonas.

Actualmente o MGS atópase nunha fase de medre organizativo que se reflicte tamén nunha maior presenza nas diferentes comarcas e localidades de Galiza. Desta maneira podemos dicir con propiedade, e a pesar do importante camiño pendente, que o Movemento Galego ao Socialismo xa é unha organización de ca-

rácter nacional con incidencia, en maior ou menor medida, na práctica totalidade do noso país.

Neste sentido cómpre seguirmos nesta liña abordando as nosas debilidades nas diferentes zonas e propiciando a constitución de asembleas de zona naqueles territorios onde aínda non hai unha estrutura estábel. Desde a Mesa Nacional organizarase un calendario permanente de iniciativas, reunións e actos até conseguir completar definitivamente o mapa organizativo territorial.

Ao mesmo tempo, de nada serviría continuar cunha expansión organizativa que non fose acompañada da participación activa da nova militancia. As asembleas de zona constitúen o organismo básico de organización e socialización da nosa militancia. Nelas recae a planificación de todo o traballo na zona, da nosa participación nas organizacións de masas e movementos sociais e da actividade propia. Debe ser ademais o marco fundamental do debate político e da formación da militancia.

É a través das reunións nas diferentes zonas onde se produce a participación nos debates nacionais que permita trasladar nun e noutros sentido as discusións e acordos. Nas asembleas de zona pódense escoller persoas responsábeis das diferentes áreas, constituír comisións de traballo e nomear unha ou varias persoas para coordinar o traballo. As persoas escollidas en cada asemblea de zona para estar na Mesa Nacional deben ter sempre presente que están alí en representación das zonas e non de si propias polo que é vital que funcionen como canle entre a visión nacional e a local. Das reunións das asembleas de zona deberase realizar unha acta que, como mínimo, recolla os acordos tomados e que será enviada a toda a militancia da zona e remitida á Mesa Nacional.

2.2. Dos organismos e comisións de traballo.

Coa celebración da nosa I Asemblea Nacional a Coordinadora Nacional pasa a denominarse Mesa Nacional rematando definitivamente o proceso de interinidade organizativa iniciado coa constitución do MGS como tal, no ano 2009. A Mesa Nacional, como organismo de dirección, debe estar permanentemente informada da situación política nas diferentes zonas e da actualidade e debates nas organizacións e campos de traballo onde participamos. É por isto polo que deben estar integradas persoas de todas as zonas e dos distintos sectores de traballo para conseguir a necesaria visión de conxunto e operatividade do organismo. A Mesa Nacional é un órgano colexiado que debe asumir colectivamente os diferentes debates e o traballo derivado das conclusións dos mesmos.

Da mesma maneira a Mesa Nacional debe dar a coñecer todas as posicións adoptadas e que deben ser froito do debate previo nas diferentes zonas. Malia que é lóxico que sexa o organismo nacional quen opere tomando as decisións do día a día e de carácter máis executivo, é fundamental que o conxunto da militancia se

sinta participe das decisións de calado político. Manteranse as reunións ordinarias unha vez ao mes.

Cómpre prestarmos especial atención á transmisión dos debates, documentos e acordos. Desta maneira conseguiremos unha maior implicación do conxunto da organización nos debates nacionais. As actas do organismo teñen que chegar puntualmente ás zonas, onde deben ser lidas e dadas a coñecer a toda a militancia na súa integridade nas reunións de zona e os seus acordos principais comunicados por correo electrónico ou postal a toda a militancia. No sentido de alcanzar a maior implicación e corresponsabilización da organización, dotámonos de diversos métodos de participación do conxunto da militancia aos que podemos recorrer cando sexa preciso, como a realización de Encontros Nacionais, con función deliberativa respecto aos temas tratados, e referendos internos, de carácter vinculante, ademais das comisións de traballo, cun carácter estábel.

Até o de agora teñen funcionado diversas comisións de traballo, unhas de carácter temporal e outras permanentes, -como a Comisión de Organización, Comisión de Comunicación, a Comisión Sindical e a Comisión de Traballo no BNG-. Estas comisións deben preparar os debates, coordinar o traballo e servir para evitar o excesivo peso de determinados temas nas reunións nacionais da Mesa Nacional, que en todo caso é o organismo da que dependen e a quen deben render contas das súas decisións.

A Comisión de Traballo no BNG debe responder tamén aos novos retos e responsabilidades que temos dentro da fronte, de maneira que contribúa a fornecer información do funcionamento do Bloque en todas as zonas e dea apoio loxístico e político aos compañeiros e ás compañeiras que exercen responsabilidades no BNG; tentando tamén homoxeneizar a nosa actuación. Esta Comisión, como xa se veu facendo até o de agora, terá carácter aberto a persoas non militantes do MGS que compartan a nosa liña de traballo no seo do Bloque.

A Comisión sindical debe mellorar a súa coordinación e estabilizar as reunións para mellorar a nosa intervención nun eido no que, a pesar de contarmos cunha importante presenza, temos aínda moito que achegar ao desenvolvemento da CIG e temos moita xente por sumar ao proxecto, que ao non visibilizar a través da participación en reunións locais ou nacionais, está sendo menor das potencialidades reais.

O crecemento organizativo que está a experimentar paseniñamente o MGS, e o que aínda debe experimentar nun futuro, aconsella a permanencia e estabilización da Comisión de Organización baixo o nome de Comisión Permanente, delegada da Mesa Nacional, e encargada de executar os traballos definidos por esta, que coas atribucións que estatutariamente se determinen terá un labor fundamental nesta etapa, ademais de facer seguimento aos acordos da Mesa Nacional,

de continuar a estender a expansión organizativa e territorial para conseguir a consolidación definitiva de todas as estruturas do MGS. A súa composición pode ser variábel, en función da dispoñibilidade, correspondendo en todo caso á Mesa Nacional escoller de entre os e as súas membros a composición desta Comisión Permanente en cada momento. Como órgano executivo terá unha periodicidade quincenal, semellante a que xa se mantiña na actualidade.

3. Formación.

A excesiva dedicación dos esforzos internos ao traballo das organizacións de masas, levou aparelado certo descoido por algúns labores internos, que poden parecer menos urxentes mais que teñen unha importancia capital para unha organización que como o MGS tenta erguer unha alternativa revolucionaria, a contracorrente, e composta por activistas conscientes.

Se ben é certo que a participación nos debates e a práctica militante son a mellor escola, isto debe ser atendido a nivel nacional e nos territorios planificando debates e xornadas formativas sobre diferentes asuntos. Así mesmo, neste terreo traballarase para realizar unhas xornadas anuais con carácter formativo e divulgativo sobre un tema concreto. Corresponderá á Mesa Nacional darlle forma e deseñar o primeiro programa.

Desde a Mesa Nacional elaboraranse cadernos de formación militante recollendo as necesidades que se produzan nas diferentes comarcas e localidades.

4. Finanzas.

Este é outro dos eidos que temos, non abandonado, mais si que ten un seguimento en función das necesidades inmediatas e falto do rigor, previsión e planificación imprescindibles. Desta maneira hai marxe para un salto importante que daría nunha maior capacidade de actuación política. A Mesa Nacional escollerá unha persoa responsábel específica para este cometido, antes formalmente colexiado, o que contribuirá a consolidar este traballo.

A realidade é que a nosa organización foi quen de conseguir que a práctica totalidade da afiliación teña as cotas domiciliadas co que iso supón de manter un fixo de ingresos estábel. As primeiras etapas, con maior voluntarismo e menor estabilidade organizativa, e unha cada vez maior actividade externa e de acción no BNG e a CIG, provocou que en moitas ocasións se tivese que recorrer a solicitar contribucións extras a moitos e moitas militantes. Aínda que é preciso que quen poida contribuír máis o faga, é preciso que non recaia sempre nas mesmas persoas esta cuestión.

Neste sentido, cando acordamos alugar o Local Nacional foi co compromiso dun pequeno grupo de militantes que se comprometeron a financiar a práctica totalidade do custo, sendo moi pequena a cantidade que temos que asumir como or-

ganización. Así, e dado que pola propia situación do local non se lle está dando o uso desexado cómpre analizarmos a súa conveniencia de manter a localización actual porque o esforzo económico non se corresponde co rendemento. En todo caso sería desexábel que o Local Nacional fose punto de encontro da nosa militancia e máis a da organización xuvenil Isca! non só para xuntanzas internas e tarefas de preparación de campañas e mobilizacións.

E finalmente nesa regularización das finanzas cómpre explorarmos a posibilidade de solicitar axudas ás que pola nosa actividade política poidamos acollernos.

5. Proxección pública e comunicación.

Debido á complexa situación política no nacionalismo e a manipulación informativa sobre o BNG, o Movemento Galego ao Socialismo debe esforzarse por socializar os debates de distinta natureza existentes no conxunto da sociedade como no interior do nacionalismo. Así mesmo, cómpre darnos a coñecer as nosas posicións e rachar a invisibilización das nosas posturas por parte daqueles que pretenden interesadamente facernos desaparecer como opción estratéxica.

As diferentes canles de información aos diferentes ámbitos de interese comunicativa conforme a súa proximidade do MGS (militantes, simpatizantes, base social do nacionalismo, sociedade en xeral) deben ser aproveitadas ao máximo e converterse en prioridade para a nosa organización nos vindeiros meses. Neste eido tense producido un importante salto, fundamentalmente desde a fase anterior á Asemblea Nacional do BNG, e que debe ser consolidado e respaldado organizativamente cun impulso á Comisión de Comunicación.

A realización de actos públicos e asembleas abertas con certa periodicidade, ou cando se produza un feito que as faga útiles, debe ser unha vía de traballo permanente nas estruturas locais e comarcais. O contacto directo, as reunións con compañeiros e compañeiras, seguen sendo, a pesar dos avances tecnolóxicos, a mellor maneira de achegar e recibir a opinión sobre os diferentes debates.

Cómpre regularizarmos o contacto con todas aquelas persoas que, sen militar no MGS, teñen a nosa organización ou o espazo político do soberanismo e a esquerda como referentes, fuxindo de que os contactos se reduzan na práctica aos períodos en que se producen os procesos internos nas diferentes organizacións.

Até o de agora, na Coordinadora Nacional téñense proposto diferentes medidas, que é conveniente consolidar e pór en práctica de xeito efectivo:

- Actualización mínima semanal da páxina web e nas redes sociais con posicionamentos políticos da nosa organización e artigos de opinión sobre diferentes asuntos de actualidade.
- Participación por medio de artigos de opinión, con carácter permanente sempre que poidamos, en medios de comunicación tanto en versión dixital como im-

presa. A comisión de comunicación deberá nos vindeiros meses sondear as persoas que poden ter dispoñibilidade para escribir con regularidade na sección de opinión dalgún medio e de ofrecerlles esta posibilidade.

- Distribución do noso voceiro Arredista e da folla axitativa Mais Alá! entre a militancia nacionalista e nas diferentes mobilizacións onde participemos. No caso do Arredista, a pesar de avaliar positivamente que sexamos quen de manter a periodicidade, calidade dos contidos e o seu reparto, debemos mellorar nunha maior planificación e antelación na escolla e redacción dos contidos, ampliar a diversidade das persoas que escriben e buscar unha maior difusión, que inclúa o envío de exemplares aos locais do BNG, centros sociais, asociacións e organizacións sociais.

- Unha vez elaborada a listaxe nacional de correos de compañeiros e compañeiras que queren estar informadas da nosa actividade e posicionamentos de xeito regular, faise necesario establecer as periodicidades e as prioridades neste campo.

En canto á nosa participación propia en mobilizacións e convocatoria de actividades públicas abertas, manteremos a liña actual. A nosa participación no marco do BNG non implica que renunciemos a ter vida pública, sempre que isto non sexa incompatible coa nosa participación na fronte e co necesario protagonismo e dedicación a que sexan as protagonistas as organización de cada ámbito. Ademais, tamén reforzaremos a preparación e convocatoria dos actos públicos convocados polo noso partido, como a conmemoración do asasinato de Moncho Reboiras, que permiten visualizar nidiamente o noso discurso á vez que permiten estreitar o compañeirismo e a convivencia entre a militancia.

6. Relacións con Isca! e política xuvenil.

É importante reforzarnos o fluxo de información entre Isca! e o MGS, organizacións que recoñecen como referentes mutuos no ámbito xuvenil e político. En base ao protocolo de relación aprobado no seu momento, a representación de Isca! na Mesa Nacional deberá servir para garantir o fluxo constante de información entre ambas as organizacións.

Tendo presente que debemos traballar de cara á facilitar a integración dos e das membros de Isca! na vida orgánica do MGS, no entanto debemos manter un permanente contacto de cara a involucrar a militancia da organización xuvenil nas nosas actividades. Deste xeito, fomentárase a integración progresiva da militancia de Isca! nas correspondentes Asembleas de Zona do MGS, participando como convidados e convidadas quen non militen xa na nosa organización; tendendo á integración definitiva a través das Asembleas de Zona. Onde non houber Asemblea de Zona do MGS constituída, vehiculizaranse canles por parte de ambas organizacións para efectivizar esa integración progresiva.

7. Ampliar as relacións a nivel internacional.

Na altura do Encontro Nacional de 2010, marcáramos como obxectivo iniciarmos progresivamente unha política de contactos con organizacións revolucionarias e antiimperialistas de todo o mundo con especial interese nas nacións sen estado do Estado español e Europa, Portugal e a lusofonía, e a esquerda latinoamericana.

Polas mesmas razóns de dedicación que xa se comentaron para explicar outras eivas organizativas non foi posíbel un desenvolvemento maior do traballo nesta área. Porén, cómpre salientarmos que algún pequeno paso xa se leva dado como a relación coa Frente Popular para a Liberación de Palestina (FPLP), aproveitando a proximidade dalgún dos seus membros para Europa, con quen organizamos varios actos sobre a situación no mundo árabe; a participación dunha importante delegación na manifestación antiimperialista contra a cimeira da OTAN en Lisboa; ou a boa sintonía coa esquerda abertzale nas análises políticas respecto do Estado español e dos nosos respectivos países, algo no que debemos afondar no futuro.

En todo caso será unha das cuestións en que debemos mellorar, en consonancia cunha crecente referencialidade no país, que permita visualizar internacionalmente tamén a vontade de estarmos como Galiza no mundo en chave de país e de construción dunha alternativa socialista para a humanidade.







**MOVIMENTO
GALEGO AO
SOCIALISMO**

www.mgs-galiza.org